



BASES CONCURSO V ENTROIDO TAPAS

O concello de Sada, desde a Concellería de Promoción Económica convoca o V Concurso “**Entroido De Tapas**” entre os profesionais dos establecementos de hostalaría do concello de Sada.

Regulamento de participación:

Poderán participar no concurso todos aqueles establecementos de hostalaría do concello de Sada que o desexen, sempre que estean en posesión das licenzas oportunas.

1. Cada establecemento presentará 1 tapa de cociña orixinal e de calidade. O prezo da tapa será de 1€ IVE incluído (consumición aparte).
2. O prezo establecido é un prezo promocional de obrigado cumprimento durante todo o concurso.
3. Os establecementos participantes deberán ter a tapa presentada a concurso, a disposición do público os días 21, 22 e 23 de febreiro nos seguintes horarios:
 - Venres 21 de 20:00 a 24:00 h.
 - Sábado 22 de 11:30 a 15:00 horas e de 19:00 a 24:00 horas.
 - Domingo 23 de 11:30 a 15:00 horas.
4. Só poderán participar as tapas deseñadas e elaboradas especificamente para o concurso, non aceptándose tapas que xa estean na carta ou habituais do establecemento.
5. As tapas elaboráanse de forma artesanal con algún **produto galego, autóctono ou de tempada propia do Entroido**.
6. Deben ter unha presentación concreta e un nome descritivo co que concursarán.
7. Os concursantes deben de cumprir a normativa legal vixente en materia de seguridade alimentaria en todos os procesos de elaboración das súas propostas.
8. O boletín de inscrición e a ficha técnica distribuiranse no Rexistro do Concello de Sada e poderanse descargar na páxina web www.sada.gal. Ás papeletas de votacións e as furnas poderán ser recollidas no 3º andar do Concello de Sada na data establecida polo mesmo, a cal se dará a coñecer nos días vindeiros.
9. A documentación completa entregarase no Rexistro do Concello de Sada ou na súa Sede Electrónica (www.sada.gal).
10. O prazo de inscrición abrirase o luns 3 de Febreiro e pecharase o Venres 7 de

Febreiro (ambos inclusive).

11. Cota de participación: a participación é gratuíta para todos os establecementos participantes.

12. Terán a consideración de participantes no concurso todos aqueles establecementos que:

- Entregasen o boletín de inscrición e a ficha técnica da receita da tapa no Rexistro Presencial ou na Sede Electrónica do Concello de Sada, no prazo establecido no punto 10, con todos os datos cubertos.
- Conten co visto e praxe, atendendo ao regulamento e á calidade do evento, do departamento organizador do concurso.

13. Os participantes, incluíranse nun folleto-mapa de localización de todos os establecementos xunto coas propostas presentadas. Este mapa servirá de referencia ao público para situar e coñecer os establecementos candidatos e a súa oferta de degustación.

Premios:

14. Todos os establecementos participarán nun concurso onde se outorgarán os seguintes premios:

Premio Xurado Popular á mellor tapa.

Ao probar unha tapa do concurso, o establecemento do que se trate poñerá o seu selo no lugar habilitado para iso no folleto. Tan só terase en conta o voto daquelas persoas que degustasen 3 tapas en como mínimo **dous** dos establecementos participantes. Estes terán que cubrir o apartado correspondente do folleto e introducilo na furna habilitada para iso en todos os establecementos. Os folletos que non presenten os 3 selos coas condicións indicadas, non serán válidos.

O establecemento que obteña a maior puntuación do público obterá o premio á mellor tapa. O segundo e o terceiro en votos recibirá unha mención especial.

Premio Xurado Profesional á mellor tapa.

O xurado profesional, composto por membros que serán nomeados polo Departamento de Promoción Económica, elixirá as mellores creacións. O xurado acudirá debidamente identificado e degustará as tapas en todos os establecementos durante o desenvolvemento do concurso. A súa decisión será inapelable.

Os e as gañadoras daranse a coñecer ao longo da seguinte semana por diferentes medios como poden ser a páxina web do concello, prensa, paneis informativos,....

Premio clientela.

Entre os votos físicos válidamente emitidos nos locais, e cubertos con todos os datos requeridos na papeleta, escolleranse tres gañadores por sorteo que se realizará de xeito público no Concello de Sada. A data do sorteo darase a coñecer nas redes sociais do Concello unha vez rematada a fase de votación e entregadas tódalas furnas.

15. Obxecto dos premios:

Os establecementos premiados polo xurado popular e do xurado profesional recibirán un obsequio do Concello así como un diploma acreditativo e a súa difusión como gañadores do concurso en medios de comunicación (prensa, redes sociais, etc.).

Entre a clientela participante no concurso sortearáanse tres vales de 50€ cada un para canxear en calquera dos establecementos participantes.

Difusión:

16. Difusión e promoción: Información en prensa, presentación, promoción na internet e redes sociais, cartelería e mapas, envío de información do evento a concellos limítrofes, entre outros.

Obrigas:

17. Obrigacións dos participantes:

- Durante a duración do concurso deberá ter a disposición do público a tapa coa que participa.
- Colaborar en todas as accións de comunicación, prensa e relacións públicas do evento.
- Selar a todos os e as clientes que o precisen, co seu correspondente selo identificativo no folleto, despois de consumir a tapa específica do concurso. Non se considerarán válidas as sinaturas ou calquer outro selo que non sexa o propio do establecemento participante.
- Ter exposto nun lugar visible desde o exterior o cartel de participante no concurso.
- Colocar, nun lugar visible e accesible, os folletos e a furna, na que o público depositará as súas votacións.
- Dentro do establecemento, indicar e diferenciar de maneira visible na súa oferta a tapa que participa no concurso.
- O persoal dos establecementos participantes tratará en todo momento co respecto oportuno aos membros do xurado e da organización do concurso así como a

clientela.

- Facilitar a elaboración de informes parciais sobre o número de tapas, e colaborar coa enquisa de valoración do evento que se realizará co fin de realizar propostas de mellora para as futuras edicións.
- Á finalización do concurso, entregar á organización a furna pechada para proceder ao recuento de votacións nas datas indicadas desde a organización.
- O persoal contratado nalgún dos establecementos participantes non poderá formar parte no sorteo dos "Premios da Clientela".
- O público participante deberá completar todos os campos requeridos nas papeletas de votacións para poder participar no sorteo.

O incumprimento dalgunha destas obrigacións por parte dos establecementos ou do público poderá dar lugar á súa expulsión do concurso. As incidencias rexistradas durante o desenvolvemento do concurso teranse en conta para a organización de futuros eventos do Concello de Sada.

18. O concello de Sada resérvase o dereito de modificar as presentes bases en caso de ser necesario e sempre baixo xustificación; inclusive a cancelar a celebración do evento de non alcanzarse un número de inscritos suficiente para garantir o seu éxito.

19. Os datos recollidos a través dos formularios e papeletas trataráanse de conformidade á Lei Orgánica de Protección de Datos Personais e Garantía de Dereitos Dixitais, 3/2018 do 5 de Decembro, e serán propiedade do Concello de Sada, non cedéndose ou comunicándose a terceiros e tan só con efectos de participar no concurso ou sorteo e/ou recibir os premios derivados do mesmo.

20. Realizado o sorteo, o Concello de Sada poñeráse en contacto cós premiados por vía telefónica ou a través das redes sociais ou páxina web do Concello.

A inscrición como participante, implica o coñecemento e aceptación destas bases.

Sada, a 31 de xaneiro de 2020



Laura Rodríguez Pena
Concelleira de Promoción Económica,
Turismo e Medio Ambiente.



BOLETÍN DE INSCRICIÓN

DATOS QUE APARECERÁN NO FOLLETO

Nome do establecemento: _____
Domicilio _____
CP _____
Teléfono _____ web _____
Denominación da proposta: _____
Tapa : _____

DATOS DE PARTICIPACIÓN E INSCRICIÓN

DATOS QUE NON APARECERÁN NO FOLLETO

Nome do establecemento (Razón Social): _____

C.I.F/ N.I.F.: _____

Domicilio a efectos fiscais _____ CP _____

Tel. _____ Fax _____ e-mail _____

Páxina web _____

Participante:

Apelidos _____

Nome _____

Móbil _____

mail _____

e-

O abaixo asinante D/Dna. _____

solicita a súa inscrición como participante do V Concurso “Entroido De Tapas”, coñecendo e aceptando a totalidade das Bases de Participación no Concurso.

Os datos solicitados a través deste Boletín de Inscrición trataranse de conformidade coas bases do concurso, non cedéndose ou comunicándose os mesmos a terceiros.

Sada, ____ de febreiro de 2020.



FICHA TÉCNICA DA RECEITA

DENOMINACIÓN DA TAPA:

Ingredientes necesarios para elaborar a tapa

1. Produtos principais:

2. Aderezos, sazóns, especias:

3. Método de elaboración e presentación final: